

NOVIDADES

15/05/2012

Publicación das listas definitivas de admitidos/excluídos e listas provisionais coa puntuación das cinco categorías de técnicos sanitarios con data de xeración de 30/11/2011.

No apartado procesos, ben selección temporal ou ben promoción profesional, poderá consultar a puntuación obtida, se vostede foi admitido/a no proceso.

Se resultou excluído/a, non terá resultado. Consulte os recursos administrativos na Resolución. Se presentou a súa solicitude trala devandita data do 30/11/2011, non figura nestas listas; sairá na seguinte xeración que se formalice.

Na nosa páxina web, seguindo o itinerario EMPREGO PÚBLICO>LISTADOS DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal, pode consultar por categorías as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as. Así mesmo pode consultar as listas provisionais coa puntuación obtida en cada apartado.

No apartado procesos do seu expediente-e pode acceder á información máis detallada da puntuación dos seus méritos. Os resultados son provisionais. De non estar de acordo coa puntuación obtida poderá presentar unha reclamación ante a Dirección de Recursos Humanos no prazo de 10 días naturais dende o día seguinte á publicación do anuncio no DOG.

Para calquera dúbida pode dirixirse a súa unidade de validación ou formular pregunta no buzón novopacto@sergas.es